

**DON PACO, UN HOME DA CASA,  
UN HOME DA CAUSA**



POR

XOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ



Cando o pasado século xx estaba esmorecendo, tivemos a inmensa ledicia e sorte de coñecermos a don Paco, de tratarmos con el en persoa e de mantermos un bo feixe de conversas e confidencias. Esta fermosa historia, de sincera amizade, xorde a raíz de o Concello de Lourenzá nomear fillo predilecto a Francisco Fernández del Riego o día 14 de febreiro do ano 2000. Encárgasenos, a Manuel Román e a min, a elaboración dun libro sobre o homenaxeado. Aceptamos o reto deste proxecto, malia semellarnos bastante arriscado para dúas persoas inexperimentadas neste campo. Comezabamos daquela coa teima de realizar unha publicación.

Obviamente, explicámoslle polo miúdo as nosas intencións e, a partir dese momento, don Paco ofreceuse para fornecernos de toda a información que precisásemos. Agromou o comezo dun feixe de visitas futuras que nos foron levando polas vereas dun coñecemento mutuo ata desembocar na publicación do libro *Vivir unha vida*, que viu a luz o día da súa homenaxe, o 3 de novembro de 2001.

Desde entón, cada vez que o iamos visitar, convertíámonos nun elo desa cadea que o vencellaba decontino coa súa vila natal, Lourenzá. Comentaba: «Non sei que acontece cando vos vexo. É coma se me relembrares toda a miña infancia, e véñenme ao acordo todas aquelas xentiñas que coñecín cando novo». Iniciaba, daquela, unha serie de preguntas sobre as diferentes familias coas que tivera vivencias nesa época. Decatámonos, xa que logo, de que nunca se fora do recanto nativo, malia ter pasado por Monforte, Madrid, Santiago e Vigo, morada esta última na que tan ben se deu, que o acolleu e agochou en tempos

tan pouco doados para el e na que tan feliz foi ao cabo. Na táboa do seu peito tiñan cabida tanto o lugar onde viu a luz primeira, Lourenzá, como o lugar onde viu a derradeira, Vigo, porque el foi un home da casa e dos seus.

Nunha das nosas acostumadas visitas, o día 20 de xaneiro de 2006, achegámonos á Casa da Cultura do concello de Vigo, casa tamén da Fundación Penzol, que presidía o noso homenaxeado, para conversarmos con el, pois, naquel Ano da Memoria, el representaba a mellor lembranza viva da nosa historia do século xx. Tiñamos concertada unha pequena entrevista para publicármola na humilde revista dos nosos respectivos centros de traballo, mais el sempre accedía, de corazón, a apoiar as causas normalizadoras, máxime cando da xuventude se trataba.

Unha das cuestións que lle formulabamos era que nos contase o moito que tivera que ver co nacemento do Día das Letras Galegas (día que este 2023, sesenta anos despois de tal acontecemento, se lle dedica a el, con todo merecemento). Díxonos:

Eu vía que o día do Libro Galego ou Español se celebraba oficialmente o día do pasamento de Cervantes. Parecíame raro que a produción galega se involucrase coa castelá nesas datas. Entón pensei en buscar unha data específica para as Letras Galegas. Andei remexendo datas e figuras representativas que puideran servir, con referencia para esta festa, porque ademais quería que a data coincidise coa estadia dos estudantes nos seus cursos respectivos, universitarios, segundo ensino ou primario. Entón, dándolle voltas á cousa, por fin atopei *Cantares Gallegos* de Rosalía. Consideraba que

era a 1ª produción universal en galego que se producía nos séculos contemporáneos. Busquei o pé de imprenta, pero resulta que non o había. Entón vin que a adicatoria a Fernán Caballero estaba datada o día dezasete de maio de 1865. Entón, como coincidía ademais co centenario da aparición do libro, fixen un escrito á Academia solicitando que se declarase festa do Día das Letras Galegas esa data e, como era preceptivo que fosen tres numerarios os que asinasen a proposta, convidei a dous amigos, o arquitecto Manuel Gómez Román e o arquivista Xesús Ferro Couselo, que precisamente fora catedrático no Instituto de Tui, para que asinasen comigo. Asinaron e a Academia acordou por unanimidade a proposta. Para declarala con carácter oficial cumpría ter a aprobación da autoridade superior, da autoridade gobernativa. Pedíuselle permiso ó ministro de Información e Turismo que daquela era Fraga Iribarne. Contestou rapidamente, de xeito positivo, mesmo por telegrama. Ratificouno logo por escrito, pero, para que a cousa se puidese pór en marcha decontado, empregou o telegrama.

Desde entón, cada dezasete de maio, como sabedes moi ben, séguese celebrando o Día das Letras Galegas adicado a unha figura determinada das nosas letras que finara desde había polo menos dez anos. Este é o criterio real e oficial. (López González 2006: 46)

El foi o xermolo ou *xaramolo*, como se diría na lingua laurentina, deste gran día.

«Xaora que si. Se cadra, non podía ser doutro xeito. Cando está de ser para alí, ao final non hai volta que darlle e é. Abofé que é. Dígocho eu. Estaba tirando por el. Xa se

vía vir. Era visto...». Estas e outras frases, saídas das máis diversas bocas, serían axeitadas para ver ou adiantar o que no futuro sería a personalidade do grande home ao que hoxe nos toca, con inmenso gusto, render homenaxe, como é debido: Francisco Fernández del Riego, o noso don Paco de Lourenzá, de Vigo, de Galicia. Un home da casa, un home da causa.

Francisco Fernández del Riego veu ao mundo o 7 de xaneiro de 1913. «Nacín, ou nacéronme, no amencer do 7 de xaneiro do ano 1913. ¿Para que agachar a data do meu nacemento? Enrellado xa no mundo, o primeiro que sentín foi a man da miña nai. [...] Fun o agasallo que, cun algo de demoranza, recibiron os meus pais na noite de Reis» (Fernández del Riego 1990: 11). Isto aconteceu en Vilanova de Lourenzá, na casa onde xa nacera a súa nai. Vaia agasallo lles chegou aos seus pais! Mal podían imaxinar eles, nin nos seus mellores soños, a onde chegaría e o que faría por Galicia o seu fillo primoxénito.

Xa lle viñan da propia raizame familiar eses devezos polo saber e pola lectura, desde ben pequerrechiño. «O meu pai [...] era moi dado á lectura, e chegou a poseer unha formación autodidacta, polarizada sobre todo nos temas históricos. [...] Meus pais decíanme que debía darme presa en adprender a lér e escribir. Pensaban que para saber todo o que non se acada ollar desde o analfabetismo, había que o precurar nos libros, nas revistas e nos xornais» (Fernández del Riego 1990: 12-13). Os libros e a escritura foron a súa gran paixón durante todo o seu periplo vital. De feito, polo Nadal escribíalles aos Reis Magos pedíndolles, en vez de xoguetes, coleccións de

contos de Calleja, e lía a Salgari, Verne, Perrault e Twain, entre outros. «Ó pouco tempo da chegada á aula, [...] comprácame en debuxar letras. [...] De contado aprendín a ler e escribir. Na medida en que ía medrando xurdía un estraño amorío polo libro impreso. Soñaba cos contos de fadas, coas lendas de *As mil e unha noites*» (Fernández del Riego 2003: 14).

Porén, don Paco foi un neno normal ao que lle gorenataba xogar e argallar como a calquera outro da súa idade, nacido nunha vila rural da Galicia de comezos do pasado século XX.

Ás veces fuxía da vixilancia familiar para me ir bañar con outros rapaces no río, en Cuñas, ou no chamado Pozo da Ola. Gorentábame, por outra banda, intervir na elaboración de xoguetes que entretiñan os nosos leceres. Lembro, con saudade, aqueles barcos de noz que botabamos na corrente fluvial. Os cabalos de pataca, os carros de nabo. Pasábao moi ben a correr cos patinetes, formados por unha táboa de madeira montada sobre rodas. Recreábame co bailarete, o andacamiños e, de especial, co tirafondas. (Fernández del Riego 2003: 14)

Todas estas experiencias de cando neno marcáranos para a súa vida futura e imprimíronlle valores afectivos e de carácter como os da amizade, compañeirismo, responsabilidade, puntualidade, disciplina, orde e unha gran sensibilidade para a paisaxe e a arte, entre outros. Xa dicía o poeta Rainer Maria Rilke que «a verdadeira patria

do home é a infancia». Non hai dúbida ningunha de que con don Paco así aconteceu.

Ao rematar o ensino primario, preparou o daquela chamado bacharelato elemental, grazas á axuda recibida dos frades bieitos do mosteiro laurentino e ao empeño da súa avoa Dominica, quen quería que os seus netos fixesen carreiras maiores. Tivo que ir examinarse por libre a Lugo e, no coche de liña, coñeceu o seu futuro amigo Álvaro Cunqueiro. O que é a vida! Quen lle ía dicir ao escritor mindoniense que ía ser este rapaz de Lourenzá quen o animase a publicar o seu *Merlín e familia* moitos anos despois.

No Colexio dos Escolapios de Monforte realizou o bacharelato superior, corría o ano 1927. O adolescente Paco seguía coa súa teima da literatura. Será aquí onde escriba o seu primeiro artigo na revista *Páginas Calasancias* e logo gañe un concurso literario, convocado por esta publicación, co título de «Leyenda griega». «Soñaba en chegar a ser escritor. Na revista *Páginas Calasancias*, que editaban as Escolas Pías de San Antón de Madrid, publiquei o primeiro artigo. Era cousa moi sinxela, gaguexante, minguada de léxico. Máis tarde, nun concurso literario convocado pola devandita revista, obtiven o premio maior» (Fernández del Riego 2003: 22). Será este o primeiro banzo da escada que o levaría ao cumio das nosas letras, cos miles de artigos que saírían da súa pluma. Xa non había volta atrás, aquel soño comezaba a facerse real. Escribe, neses anos adolescentes, en *Vallibria*, *La Voz de la Verdad* ou *La Región*. Aproba a reválida na Universidade de Santiago, escolle a carreira



de Dereito e matricúlase na Universidad Central de Madrid. «Decateime moi axina de que entrara nun mundo moi desemellante ao que vivira en Lourenzá e en Monforte. Descubrín a existencia de climas ideolóxicos que descoñecía. Comezaron a se me abrir horizontes que estiveran agachados para min nos anos da infancia e da primeira adolescencia» (Fernández del Riego 1990: 30). Era unha nova época para medrar e ir afianzando ideas que logo desenvolverá na súa sempre amada Galicia. A pota xa estaba no lume derriba do trespés. Algo comezaba a cocerse e non tardaría en aparecer sobre a mesa, listo para ser engulido.

Nestes tempos, previos á proclamación da II República, non só atendía aos seus estudos de Dereito, senón que bebía nas fontes e mananciais que xurdían da súa asistencia a conferencias, museos, parladoiros; coñeceu, deste xeito, a escritores e artistas galegos como Rafael Dieste, Torrente Ballester, Carlos Maside ou Urbano Lugrís. Foi descubriendo, devagariño, a cultura galega e o compromiso co galeguismo a través das lecturas de *Cantares gallegos*, *Aires da miña terra* ou certos artigos xornalísticos de Antón Villar Ponte, mais sobre todo a *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco. Porén, xa viña motivado polo desprezo dalgúns dos seus compañeiros universitarios por Galicia e os galegos. Xa lle fervía o sangue e comezaba a sentirse un home pertencente a unha terra diferenciada, Galicia.

Xa proclamada a II República en abril, rematado o curso, volveu a Lourenzá e, nese verán, aconteceu o que logo para el será o pan de cada día, a súa primeira inter-

vención oratoria en público defendendo os valores propios de Galicia, con tan só dezaoito anos de idade. Foi na conmemoración do 25 de xullo, para a que escribiu e logo leu un manifesto de exaltación, que rematou coa interpretación do himno galego. Foi isto, o labor de dirixirse en público a todo tipo de audiencias, unha das múltiples e máis salientables facetas do noso homenaxeado. Cinco anos despois, pero xa en Santiago, impresionou outros futuros grandes oradores, como o daquela aínda neno Xesús Alonso Montero.

En efecto, en xullo de 1936 Fernández del Riego xa era unha autoridade en crítica literaria, un excelente ensaísta, un gran orador e un rigoroso coñecedor das letras galegas de todos os tempos. [...] Ó día seguinte, 25 de xullo, Día de Galicia, ducias de miles de galegos déronse cita, nunha explosión de irmandade e ledicia, na Praza do Obradoiro. [...] Eu, que tiña sete anos e medio, asistín, da man do meu irmán maior, e asistín abraiado porque nunca tal vira nin oíra. [...] A peza oratoria que máis me impresionou foi a dun mozo de vinte e tres anos, avogado e licenciado en Letras, que falaba como Robespierre pero como un Robespierre obstinado na tarefa de construír a súa alocución con citas literarias de escritores do país (de Mendiño a Manuel Antonio, do padre Sarmiento a Pondal, de Airas Nunes a Rosalía e García Lorca). Nunca esquecerei o momento no que escolleu a súa mellor enerxía para recitar estes dous versos do gran Federico:

*¡Érguete, miña amiga,  
Que xa cantan os galos do día!*

Era certo: cantaban, cheos de futuro, no poema de Lorca e na voz de Francisco Fernández del Riego. (Alonso Montero 2006: 480-482)

A este acto asistiron outros afamados oradores como Suárez Picallo, Otero Pedrayo, Ánxel Casal, Carballo Calero ou Isaac Díaz Pardo, quen con dezaseis anos estaba representando as Xuventudes Socialistas.

Anos antes, nada máis chegar a Santiago, en outubro de 1931, contacta co galeguismo alí existente. Da man de Lois Tobío entra por primeira vez no Seminario de Estudos Galegos, onde lle presentará, en xaneiro de 1932, ao que vai ser o seu amigo da alma, Ramón Otero Pedrayo. Se cadra de aquí lle vén ese gran valor que don Paco lle deu á amizade, palabra inmensa como un mundo. De agora en diante relacionarase con Vicente Risco, Castelao, Ánxel Casal, Ramón Cabanillas... Decontado se converterá nun auténtico líder universitario e os seus compañeiros da Federación Universitaria Escolar (FUE) escollerano para que lea o discurso de apertura do curso 1933-1934, no que avoga pola galeguización da universidade e pide a cooficialidade dos dous idiomas e a creación de cátedras permanentes de cultura galega: «Xeografía, Historia, Literatura, para lles ensinar aos estudantes a realidade que tiñan ao seu redor». Aínda hoxe, noventa anos despois, desgraciadamente, queda moito que loitar. Afíliase ao Partido Galeguista e é nomeado secretario xeral das Mocidades Galeguistas. Participa nos actos de propaganda electoral, por toda Galicia, en favor do Estatuto de autonomía, xunto con figuras de relevo como Castelao, Suárez

Picallo ou Alexandre Bóveda. Ao rematar a carreira, traballa como profesor auxiliar de Dereito Civil e colabora en revistas e xornais da época: *Galiza*, *Guieiro*, *Ser* ou *A Nosa Terra*, da que chega a ser director provisorio. Os seus escritos están inzados de ánimos de loita pola lingua e polo galeguismo e de crítica ao españolismo:

O ano autual non pode ser d'espranzas, nin de cantos líricos e románticos, senón de aición, de movemento; porque as espranzas ollámolas mil vegadas fallidas, i-o romantismo i-o lirismo deben ser xornadas de paz, acadeiradas en ilusiós ou felicidades.

Fagamos, logo, a promesa n-ista hora solene, de loitar nobremente cara a cara, anque da loita saiamos magoados e algún caia pra se non erguer máis, escontra os tredores tudos da nosa santa causa e contra os forxadores d-ise xuntoiro artificial i-enganoso que chaman unidá da nación hespañola, que nós temos que esborrollar, porque en boa doutrina nazonalista, Hespaña non é unha nación, senón un Estado parásito de todol-os dereitos e libertades das nacións ibéricas que os patriotereros de chin chin queren seguir agriloando.

Na Diada de Galiza de 1932 inda temos que loitar, pois o día sinalado pra libertá da Terra hastra agora non chegou. (Fernández del Riego 1932)

O estalido da Guerra Civil trae tempos de tristura, incerteza e desesperanza. Todo aquilo que se conseguira ou que estaba a punto de ser unha realidade vaise a fume de carozo. Don Paco, por mor de ser galeguista militante, é expulsado do seu traballo e inhabilitado para exercer

calquera cargo público, ademais de multado, xaora. Terá que agocharse para salvar a vida e incorporarase ao exército. Comezaba esa «longa noite de pedra».

Ao «rematar» o conflito armado, volve para Santiago, pero non é un sitio seguro e, despois de falar con Valentín Paz-Andrade, este ofrécelle unha colaboración na revista *Industrias Pesqueras*. Así, marcha para Vigo; era o ano 1939.

Como algunhas das moitas características que lle viñan de seu a don Paco eran a perseveranza, a loita, o non desfalecer nunca, o traballo, a disciplina e o optimismo, estas axudáronlle a atopar outros horizontes para seguir fiel aos seus ideais. Foi capaz de reorganizar o Partido Galeguista na clandestinidade, no ano 1943, xunto con Ramón Piñeiro, Gómez Román, Enrique Peinador, Cesáreo Saco e outros, aínda que non era nada doado debido á perigosidade que entrañaba. Retomou asemade un labor xornalístico importante, colaborando en *El Pueblo Gallego*, *Vida Gallega*, *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*, pero sobre todo no diario compostelán *La Noche*, no que levaba a sección «Un tema gallego cada semana», para a que empregaba o pseudónimo de Salvador Lorenzana. De alí a pouco, xunto con Xaime Isla, dirixe o suplemento do sábado, onde escriben, entre outros, Cunqueiro, Borobó, Carballo Calero, Xohán Ledo, Cuevillas... Aínda tivo tempo para coordinar unha transmisión radiofónica en lingua galega na BBC de Londres desde o ano 1947 ata 1956. Entremedias, no ano 1950, xunto con Ramón Piñeiro e o propio Xaime Isla, fai que se dea o fito máis importante da posguerra, a creación da Editorial Galaxia.

A creación de «Galaxia» xurdiu da necesidade de restaurar o proceso cultural protagonizado polas xeracións anteriores, e que a guerra civil interrumpira drásticamente. Incorporáronse á Editora que nacía, os superviventes daquelas xeracións, e os escritores mozos que encetaban o seu labor. O empeño supuxo un paso fundamental para lle dar continuidade, con pulos de actualidade, á historia da cultura autóctona, durante anos enlatada. As xentes esqueceran xa os precedentes do cultivo das letras propias, e os dos homes que o representaran. Mais as cousas comezaban agora a vivir, aínda que paseniñamente. (Fernández del Riego 1990: 209-210)

Nesta editorial publicarán as autoras e autores máis senlleiros da nosa literatura; mesmo conseguiría que Álvaro Cunqueiro volvease ao rego que abandonara e dese a luz as súas obras máis importantes, ou que o propio Celso Emilio Ferreiro nos agasallase coa súa *Longa noite de pedra*. Vai coincidir nesta década tamén a publicación, por parte do noso autor homenaxeado, de *Historia da literatura galega*, escolmas de poesía e un feixe de ensaios de diversa índole.

Un ano especialmente relevante na vida de Del Riego vai ser 1963. Comezará coa publicación de *Grial. Revista Galega de Cultura*, que dirixirá con Ramón Piñeiro durante 25 anos. Seguiralle a creación da Fundación Penzol, grazas á doazón dos fondos bibliográficos do seu amigo Fermín Penzol. Del Riego será o director da devandita biblioteca durante case 50 anos e converteraa nun lugar fundamental para o mundo da investigación e estudosos

sobre Galicia. Culminará este sinalado ano coa proposición á Real Academia Galega da creación do Día das Letras Galegas. Aínda lle sobrarán tempo para participar na fundación do Partido Socialista Galego no mes de agosto deste mesmo ano.

Para rematar a súa coherente vida ao servizo da terra, da nosa cultura e da nosa lingua, con 84 anos será presidente da Real Academia Galega ata 2001 e conseguirá renovala, modernizala e dinamizala.

Por toda a súa traxectoria coherente e sen fendas, recibiu múltiples premios, recoñecementos e homenaxes. Tíñaos ben merecidos, pois non se pode facer máis por Galicia, pola súa cultura e pola súa lingua. En palabras de Xosé Luís Franco Grande: «A súa vitalidade daba para todo. Porque a vitalidade quizais fose, e siga sendo, unha das notas máis definidoras da súa personalidade» (Franco Grande 2004: 317). Poderíase engadir que, desde a humildade, honradez e bo corazón, foi un verdadeiro e constante executor das ideas do galeguismo. Sempre agradecidos, don Paco, por ser un home da casa, un home da causa.

### *NA ESPERA DO AMIGO*

Atopámonos ante unha das escasas e raras incursións do autor no mundo da narrativa de ficción, de o compararmos, claro está, cos miles de artigos publicados en prensa e revistas ou libros de ensaio e divulgación. Mais non cremos que sexa por falta de habilidade creativa ou de dominio da específica linguaxe ficcional, senón pola súa visión

utilitaria da escrita, e máxime nesa década dos anos trinta, cando parece ser que foi escrito o conto que nos atañgue. Era máis útil facendo visible a problemática da época e tratando de procurar solucións, a carón dos seus coetáneos. É esta a época dos seus inicios no galeguismo activo, aínda que tamén, logo, de frustracións, amarguras e saudades desencadeadas polo devir da historia. Malia todo, a súa vontade férrea nunca esmoreceu, pero o seu corazón de home tamén sufriu dabondo.

Xurdiron, pois, froito de toda unha experiencia vivida, sesenta anos xa andados, os libros *O cego de Pumardedón* (1992), *San Andrés de Teixido* (para a colección Contos do Castromil, 1995) e o que nos ocupa, *Na espera do amigo* (1994).

O segundo publicouse con motivo dunha campaña normalizadora, levada a cabo pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, na que a empresa santiaguesa de transportes Castromil agasallaba os seus usuarios cun contiño coa compra do billete da viaxe. Este era o número 24 da colección e nel recrea a lenda e a romaría do santo protagonista porque a «Santo André de Teixido vai de morto quen non foi de vivo». Pola súa banda, do primeiro xa existe un manuscrito mecanografado, autógrafa seu no ano 1984, no que lembra as súas experiencias vividas na Guerra Civil ou a loita galeguista a través de Mauro, o personaxe central. Finalmente, do terceiro, a referencia que temos é a do crítico de arte e editor deste exemplar, Román Pereiro Alonso, que nos indica que foi realizado sendo don Paco estudante en Santiago.



Visitei a Don Paco, expliqueille o proxecto e solicitei a súa colaboración para o número 1 do que sería unha continuada serie (Edicións Aguatinta). [...]

Non pasaran máis de dous días cando D. Paco, nunha chamada telefónica, requiríame para un novo encontro: «Amigo Pereiro, estiven a pensar, dándolle voltas ao seu proxecto e gustaríame colaborar. Cando revolvía nun vello arquivo da miña época de estudante en Santiago lembrei que naquel tempo se escribira un conto..., atopeino e creo que podería servirille...; ademais, como vostede quere, está inédito.» Achegueime ao seu despacho e entregoume unhas cuartillas con aquel afastado e único conto da súa autoría: *NA ESPERA DO AMIGO*. (Pereiro Alonso 2021: 121-122)

Se nos retrotraemos, xa que logo, á época estudantil compostelá do noso autor, temos que deternos nun feito primordial que lle acontece ao mozo Paco, ao pouco de incorporarse á universidade, no curso 1931-1932, ao vir de Madrid: o coñecemento da figura de Ramón Otero Pedrayo.

Era polo xaneiro do ano 1932. Celebrábase unha xunta de membros sobranceiros do «Seminario de Estudos Galegos» en Santiago. Entre os concurrentes figuraba, xa que logo, Otero Pedrayo. Presentáronmo —non lembro agora quen— naquela circunstancia. El andaba polos cuarenta anos de idade, e eu polos dezanove. Falou arreo nesa ocasión, e eu apenas fixen outra cousa que escoitalo, fascinado polas súas palabras. Aproveitando unha pausa, formuleille, temesiñamente, algunhas inxenuas preguntas. Respostounas deconta-

do con aquel seu xeito ricaz de se expresar, decateime por síntomas leviáns, que me cobraba simpatía. A partir de entón, no decorrer dos anos, fomos facendo de a pouco —pesie á diferenxia de idade— un íntimo e fondo sentimento amistoso. [...] Cando o coñecín por vez primeira, xa me parecera un ser á parte. [...] Téñoos xunto a min, para sempre, desde o día en que entrei na súa amizade. (Fernández del Riego 1988: 9-11)

Esta amizade e idolatría por don Ramón vai ser clave na súa obra narrativa. Non só foi a lectura de *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco, senón que o *Arredor de si* oteriano, publicado en 1930, deixáralle a marca indeleble da paisaxe e a reafirmación da súa galeguidade. «Poderíase dicir que se trata dunha novela-espeillo desa xeración», en palabras de don Paco. Os personaxes de *Na espera do amigo* son Adrián e Dorinda, ben semellantes a aqueles de Otero, Adrián e Florinda. Mesmo don Paco en Madrid é outro Solovio.

Eran aqueles anos de xuventude e aprendizaxe, de «optimismo radical», con grandes metas e obxectivos que cumprir, mesmo no amor, pois coñecerá a Evelina Hervella, quen o acompañará polos días da vida. Isto vén a conto de que existe un texto fermosísimo, publicado en forma de artigo, se cadra dedicado a ela (A Evelyn Lavandeira Leda), o 4 agosto de 1933 no diario *La Región* de Ourense, e que nos pode axudar a esclarecer a datación deste conto, se nos baseamos na forma e ortografía empregadas. «Si as imaxes tiveran aitudes como a xente e os lirios, eu faría hoxe imaxens axoenlladas na ermida das ausencias; porque a miña i-alma anda de penitencia

fai tempo á procura d-outra». Un xeito moi próximo á escrita dos homes de Nós. Non obstante, neste xa se observan formas máis evolucionadas e propias da escrita de posguerra, ademais do tema, froito de experiencias convulsas, cando menos.

Quizabes se poidan realizar dúas lecturas do conto. Unha, na que podemos interpretar unha historia triste e angustiada de Adrián e Dorinda, mentres agardan a chegada dun amigo que lles prometera volver. Se cadra, ese AMIGO, en maiúsculas porque xa sabemos o valor que a amizade posuía para don Paco, estivese emigrado e agora é o momento do regreso, mais nunhas condicións que Adrián non imaxinaba: pobre e gravemente enfermo. «A cabeza podente e a faciana gris fundidos na negrura dun sombreiro escuro, onde se aduviñaban as concas sombrizas. [...] E como para denunciar a súa demorada visita, falou da grave doenza que o sumira no desalento e na pobreza». Visto o cadro de desolación, Adrián morre coa desesperanza ás costas. Lémbranos, no fondo, aquela triste e tenra historia da emigración de «O pai de Migueliño» de *Cousas* de Castelao, cando o personaxe central chega ao peirao do porto, afundido na miseria e na enfermidade.

En palabras do propio Román Pereiro: «Esta frustrante historia de emigración coa triste e longa espera de Dorinda e Adrián figura co número 1 na colección de Edicións Aguatinta».

Outro xeito de ver este conto correspóndese coa visión metafórica que da morte ten un Del Riego, malia que mozo, dominador dos recursos retóricos para levar a boa fin a súa obra. Podemos dividir o conto, atendendo

ao tema, nunha estrutura interna clásica de tres partes: introdución, nó e desenlace. Así, a introdución correspóndese cos catro primeiros parágrafos, nos que se nos presentan os tres personaxes (Adrián, Dorinda e o amigo), ademais do tema principal, a espera. O desenlace está conformado polos tres últimos parágrafos, nos que finaliza a espera do protagonista. O nó, polo tanto, correspóndese cos parágrafos intermedios. Aquí, o narrador minora o desenvolvemento da historia para outorgarlle unha maior relevancia ao tema principal (a espera). Desta maneira, o lector tamén debe agardar o desenlace, porque «o esperar é cousa que pide paciencia e vagar».

A cerna do tema está constituída pola figura etimolóxica *esper-*, que se concreta en «espera», «esperanza», «esperada». Tamén se repite o seu sinónimo «agardar» varias veces ao longo do texto. Xaora, isto condúcenos a unha interrogante lóxica: que espera o protagonista? Desde o comezo, sabemos que espera por un «amigo» ausente, mais este nunca se describe fisicamente (ata o final do conto), nin tampouco como se iniciou a relación, nin sequera como se coñeceron ou o motivo de ser tan importante para a vida do protagonista, Adrián.

Nos penúltimo e antepenúltimo parágrafos, descríbese o «amigo» (sen nome ningún) como un «ser» (non persoa), unha «figura», unha «sombra», que «se arrastra», e é «invencible». Así mesmo, a fasquía externa correspóndese coa imaxe tradicional da morte: «escuro», «gris», «negruira», «coor da lama», a cabeza tapada cun «sombreiro», vai vestido con «farrapos lúgubres» e ten «concas sombrizas»

no canto de ollos. A morte tamén é asociada ao longo da historia da literatura á pobreza e á enfermidade, dúas características que ten este «amigo» de Adrián. Por último, para reforzar esta imaxe do «amigo» como unha representación da morte en si mesma, lemos no parágrafo final que coincide a súa esperada chegada coa morte do protagonista. O final inevitable do ser humano e a certeza de que chegue a todos é un tópico literario. Adrián, no seu leito, mentres agarda o final da vida, tamén evoca e bota a vista atrás, a un tempo pasado mellor. «¡Que lonxanos estaban xa os días...!».

O conto remata con dúas palabras moi esclarecedoras: «inútil espera». O adxectivo especificativo e a anteposición ao substantivo (tema da historia) dan conta da metáfora que se nos transmite, o absurdo de preocuparse por algo que se sabe que é inevitable. O narrador describe un personaxe pouco definido (procura o universal, que calquera se poida sentir identificado) que pasa por unha longa enfermidade. A doenza vese agravada porque Adrián non pode afastar o seu pensamento do final que xa coñece. Ademais, esténdese esta sensación á súa compañeira, Dorinda, que tamén sofre en segunda persoa, como unha especie de dor suprema.

O «amigo», a morte, ten dúas vertentes na historia, de aí as numerosas antíteses: a tráxica e dolorosa, mais tamén un agardado alivio e «desafogo» por alcanzar un final a esa angustia. Non obstante, o que espera desespera. O que agarda polo que vén de fóra agarda polo que vén tarde e sen hora.

Estamos, daquela, ante un conto dun Del Riego, rapaz novo mais dunha madurez extraordinaria, que sabe o manexo das ferramentas da narrativa de ficción. Mágoa que non se prodigase máis neste xénero.

Beizón, don Paco, por este e outros agasallos para a nosa cultura e a nosa LINGUA.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (2006): *Os escritores galegos ante a Guerra Civil Española 1936-1939*, Vigo, Editorial Galaxia.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1932): «Acusaciós», *Galiza*, Mondoñedo, 3 (25 de xullo).
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1988): *O señor da casa grande de Cima de Vila*, Ourense, Patronato R. Otero Pedrayo.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*, Sada, Ediciós do Castro.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (2003): *Camiño andado*, Vigo, Editorial Galaxia.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luís (2004): *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Vigo, Editorial Galaxia.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, Xosé (2006): «Entrevista a D. Francisco Fernández del Riego», *Intuilequia. Revista da Comisión de Normalización Lingüística do IES Francisco Sánchez - Tui*, 9, 45-51.
- PEREIRO ALONSO, Román (2021): «Algúns retrincos con D. Paco», en VV. AA., *Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*, Vigo, Concello de Vigo, 112-123.